



FRAGAS DO EUME

ruta dos Cerqueiros

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8,5 km (case 11 km se facemos o desvío ao encoro)

Dificultade: baixa, pero con longas pendentes

Duración: 3-4 horas

Inicio da ruta: A Portela de Montelongo (Monfero)



A ruta dos Cerqueiros ofrece un percorrido polos diferentes ecosistemas desta zona do canón do Eume, no Parque Natural. Arranca nos piñeirais da parte alta e descende ata as fragas de carballos e castiñeiros para volver a subir de novo ao nivel de partida, ofrecéndonos ao longo do traxecto algúns fermosos puntos panorámicos entre os que destaca o Miradoiro dos Carboeiros.

COMO CHEGAR

Despois de pasar o mosteiro de Monfero chegamos á porta do parque, e continuamos pola estrada en dirección á Visura e a Pila da Leña. En Pila da Leña collemos un ramal á esquerda da estrada (ten sinal verde indicadora das rutas do parque) e seguimos por el ata atopar, á esquerda da estrada, os carteis das rutas; primeiro atoparemos o do remate da Ruta dos cumios de Sanguñedo e un pouco máis adiante o de inicio da Ruta dos Cerqueiros. No inicio de ruta deixamos o coche fóra da estrada e comezamos a camiñada, sempre en descenso, por unha pista ancha e cómoda, primeiro entre piñeiros e logo por espazo aberto con pasteiros e bosque ao fondo, pasamos ao pé dunha casa abandonada, a casa do Teixeira, e cando levamos camiñados uns 2 km, xusto no punto onde a pista dá un pronunciado xiro á dereita para cambiar de dirección e entrar nas carballeiras, hai un desvío á esquerda, fóra da ruta, que nun pouco máis de un quilómetro de baixada (que á volta hai que facer de subida) nos achega polo medio da fraga ao pé do encoro. De volta na ruta entramos no bosque de carballos e bidueiros e, uns 400 m máis adiante, onde cai un regato, remata a baixada e logo comeza a subida que nesta parte non é moi forte e, ao longo de máis de 1,5 km, discorre por dentro da fraga. Nunha volta pechada á dereita remata a carballeira e entramos no espazo dos piñeiros onde hai bos exemplares de piñeiro de Monterrei, e ao pouco o desvío á esquerda (1 quilómetro ida e volta) que nos leva ás casas abandonadas dos Esterqueiros e un pouco máis adiante, cara ao río, ao miradoiro dos Carboeiros desde o que temos unhas fermosas panorámicas do encoro do Eume e dos terreos lindeiros do concello das Pontes. De volta na ruta un quilómetro e medio de subida devólvenos á estrada. Para volver ao coche temos que coller á dereita e camiñar un pouco máis de 1 km, que empeza costa arriba pero logo é case todo en suave costa abaixo, e chegaremos ao punto de inicio.





Vista desde o miradoiro de Carboeiros